

SAÚDE na escola



OS COMICS

• O IRMÁN DE LAURA •



Marta: LAURA NON QUERE XOGAR.
Xoán: ESTÁ TRISTE.



Xoán: VÉS XOGAR AO FÚTBOL, LAURA?
Laura: NON QUERO.



Marta: POR QUE ESTÁS ASÍ?
Laura: VOU TER UN IRMÁN E DEBEREI
PRESTARLLE OS MEUS XOGUETES.



Marta: TERÁS UN AMIGO PARA XOGAR.
Laura: TI XOGAS COS TEUS IRMÁNS?
Marta: UNHAS VECES PELEXAMOS E
OUTRAS PASÁMOLO BEN.

• DÓEME UN DENTE •



Laura: QUE TRAEDES DE MERENDA?
Pedro e Marta: IOGUR E FROITA.
Xoán: GOMINOLAS E PATACAS FRITIDAS.



Laura: NON SE PODE TOMAR ISO SEMPRE.
Xoán: POR QUE NON?
Laura: ENGORDAS, CÁENCHE OS DENTES...



Xoán: ESTOU CANSO E DÓEME UN DENTE.
Marta: ISO PÁSACHE POR COMER ESAS
COUSAS.



Laura: QUE TENDES PARA MERENDAR?
Pedro: MACEDONIA E QUEIXO.
Xoán: BATIDO DE FROITAS E UN PLÁTANO.

• NON QUERO IR •



Pedro: MARTA CONVIDOUME AO SEU ANIVERSARIO. E A TI?

Laura: SI, PERO NON QUERO IR.



Laura: MAÑÁ DOULLE O REGALO E XA ESTÁ.

Pedro: CANDO É O TEU CUMPREANOS, NON CHE GUSTA QUE VAIAMOS TODOS?



Pedro: MAMÁ, Á TARDE IMOS AO ANIVERSARIO DE MARTA

Laura: EU NON SEI SE IREI.

Nai de Laura: MARTA É AMIGA TÚA, DEBERÍAS IR.



Pedro: VOULLE LEVAR UN PEIXE PARA O ACUARIO.

Laura: TEN UN ACUARIO? ENTÓN EU REGALAREILLE UN CONTO DE PEIXES.

• PRIMEIRO UNHA MANGA E DESPOIS A OUTRA •

OS NENOS VAN POÑER O MANDILÓN PARA PINTAR.



Marta: EU NON SEI POÑELO.
Laura: É MOI FÁCIL.



Marta: AXUDÁDESME?
Laura: POIS CLARO, PRIMEIRO POS UNHA MANGA E DESPOIS A OUTRA.



Profesor: ENTRADE.
Laura: MARTA NON SABE POÑER O MANDILÓN. ESTAMOS ENSINÁNDOLLE.



Marta: VOU INTENTAR POÑELO...



Marta: XA ESTÁ!!!



Xoán: VES? SE NON O INTENTAMOS NUNCA O CONSEGUIREMOS.
Marta: AGORA XA SEI QUE EU TAMÉN PODO POÑER O MANDILÓN.

• AAAACHISS... •




Marta: A PROFESORA DIXO QUE POÑAMOS A CAZADORA.
Laura: EU NON TEÑO FRÍO PORQUE ESTIVEN CORRENDO NO XIMNASIO.



Pedro: FÓRA VAI MOITO FRÍO.



Marta: HOXE TEMOS A FESTA.
Xoán: NON VEU LAURA?



Pedro: QUEDOU NA CASA PORQUE ESTÁ ARREFRIADA.



Marta: HOXE FIXEMOS UNHA FESTA NA ESCOLA.
Laura: QUE PENA! EU NON PUIDEN IR.
Xoán: ISO PASOUCHE POR NON TE ABRIGARES.




Pedro: XA CHE DIXEN QUE DEBÍAS ABRIGARTE PORQUE ÍA FRÍO.
Laura: A PARTIR DE AGORA ABRIGAREIME CANDO VAIA FRÍO, AÍNDA QUE EU TEÑA CALOR.

• OS XOGUETES •



Laura: MIRADE QUE ROBOT ME TROUXERON OS REIS. ACÉNDENSELLE AS LUCES E FAI RUÍDO.



Xóán: DÉIXAME VER COMO ANDA.
Laura: NON ANDA.



Marta: QUE CHE TROUXERON OS REIS?
Pedro: ESTE SACO DE CONSTRUCIÓNS.
Marta: AH!



Nenos: PODEMOS XOGAR CO TEU ROBOT, LAURA?



Laura: NON. SE O MOVEMOS MOITO ESTRÁGASE.
Pedro: ENTÓN XOGAREMOS COAS CONSTRUCIÓNS.



Laura: ESTADES A PASALO BEN?
Xóán: SI, SE QUERES PODES FACER A PORTA DO CASTELO.

• TEÑO SEDE •




• SOMOS UN EQUIPO •



• IMOS XOGAR XUNTOS •



• A DURMIR •



• COMO XOGAMOS? •



• DEIXAR DE FUMAR •




• A FROITA TAMÉN É DOCE •



• FACENDO AMIGOS •




• TÓCACHE A TI •



• ADESTRAMOS XUNTOS •



• DE IMPOSIBLE NADA •





Ao día seguinte, Laura practica...
...E ao seguinte, tamén... Laura practica toda a semana...



Eh, Laura, imos á clase, hoxe toca a túa preferida!

Xa che digo eu.

Vas ver ti.

Incrible, vaia malleira me meteches. É imposible

De imposible, nada.

Tiven que esforzarme un pouco todos os días para conseguilo.



Cando queiras botamos outro partido.

Si, si, pero primeiro terei que adestrar un pouco máis.



Quedamos hoxe para ir ao parque?

Vémonos despois, chao.

• PRECISADES AXUDA? •





• EU NON VOU •



• PASANDO DO TABACO •



• FORTALECENDO OS MÚSCULOS •



• CURIOSANDO •



Ao día seguinte todos están xogando no parque.



Pedro ten razón! Contoume unha rapaza de 2º da ESO que o outro día despois de fumar, se mareou, tiña náuseas e picáballe toda a gorxa.

Por riba, cando chegou á casa,apestaba a tabaco e seus pais fixéronlle unha...



Bueno! Fumamos ou non?


Eu paso, vós facede o que vos pete.




Eu estou con Pedro, prefiro seguir sen fumar.



Xoán, tira iso e imos xogar, iso si que é divertido.



• ESPAZO SEN FUME •



• PASOUSE •



• MELLOR NON EMPEZAR •




• XA LLES VALE •



• INFORMARSE E ORGANIZARSE •





• ENTRAMOS NA ESO •





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE